

- 715 Experiencia en xestión e tramitación de procedementos de outorgamento do uso do dominio público (mérito).
- 716 Experiencia en procedementos de reordenación de establecementos de acuicultura mariña ou de concentración parcelaria (mérito).
- 717 Experiencia mínima de dous anos en programas de control e técnicas de análise de microbioloxía e patoloxía de moluscos e peixes (RI).
- 718 Experiencia mínima de dous anos en xestión ou implantación de sistemas de calidade en laboratorios de análises de augas e/ou organismos mariños, segundo a norma EN45001 (RI).
- 719 Curso de medicina hiperbárica dun mínimo de 150 horas impartido por unha universidade ou institución oficial (RI).
- 720 Especialidade de mergullo de instalacións e sistemas de mergullo (RI). Título de operador de cámaras hiperbáricas (mérito).
- 779 Form. segundo materia (requisito indispensable).
- 880 Experiencia mínima de dous anos en técnicas de análise de nutrimentos, carbono e pigmentos fotosintéticos en auga de mar (RI).
- 881 Experiencia mínima de dous anos en avaliación da calidade das zonas de produción no medio mariño (RI).
- 910 Título profesional de oficial radioelectrónico de segunda clase da mariña mercante (RI).
- 920 Coñec. estrutur. produc. pesqueira.
- 940 Exp. cultivos mariños.
- 954 Permiso conducir B (req. indispensable).
- 955 Coñec. industrias pesqueiras.
- 957 Axudante secc. bibliot. (req. indispes.).
- Código-Descripción doutras administracións.
- A11 Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.
- A14 Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e forzas e corpos de seguridade do Estado.
- AXG Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.
- Código-Descripción dos complementos salariais.
- B10 Complemento salarial de singularidade por perigosidade.
- B18 Complemento salarial de singularidade por penosidade.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 2 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2002/2003 convocados pola Orde do 20 de setembro de 2003.

A Orde do 20 de setembro de 2003 (DOG do 2 de outubro) pola que se convocaban os premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2002/2003, establecía no seu artigo oitavo 5 que, de acordo coa proposta feita polo tribunal, o director xeral de Centros e Ordenación Educativa concedería os premios extraordinarios de formación profesional.

Unha vez realizada a valoración polo tribunal de selección, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polos candidatos e unha vez resoltas as reclamacións presentadas e vista a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de formación profesional, correspondentes ao curso 2002-2003, aos alumnos que figuran no anexo a esta resolución.

Segundo.-Contra esta resolución pódese recorrer mediante recurso de alzada ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación dela no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2004.

Alberto González Armesto
Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

ANEXO

| APELIDOS E NOME | FAMILIA | CICLO DE GRAO SUPERIOR | CENTRO EDUCATIVO |
|---------------------------------|---|--|--|
| RAMA LÓPEZ, ESTEBAN | ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS | ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS | IES AGRA DO ORZÁN-A CORUÑA |
| MARTÍNEZ VARELA, SONIA | ADMINISTRACIÓN | ADMINISTRACIÓN E FINANZAS | IES DE SABÓN-ARTEIXO A CORUÑA |
| SÁNCHEZ PÉREZ, IGNACIO | COMERCIO E MERCADOTECNIA | COMERCIO INTERNACIONAL | IES RIBEIRA DO LOURO. O PORRIÑO-PONTEVEDRA |
| PÉREZ PRIETO, ANA | EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL | DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS URBANÍSTICOS E OPERACIÓN TOPOGRÁFICAS | IES A FARIXIA-ORENSE |
| PALLAS QUINTELA, ALBERTO | ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA | DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS | IES MONTE NEME. CARBALLO-A CORUÑA |
| SOUTO RODRÍGUEZ, LUCÍA | IMAXE PERSOAL | ESTÉTICA | IES RICARDO CARBALLO CALERO. FERROL-A CORUÑA |
| LÓPEZ TEJEIRA, ÓLIVER | INFORMÁTICA | ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS | IES ILLA DE SARÓN. XOVE-LUGO |
| PICO GONZÁLEZ, FRANCISCO JAVIER | MANTEMENTO DE VEHÍCULOS AUTOPROPULSADOS | AUTOMOCIÓN | IES MARQUÉS DE SUANCES. FERROL-A CORUÑA |
| GARCÍA VIEIRA, ÓSCAR JAVIER | MANTEMENTO DE SERVIZOS A PRODUCCIÓN | MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO INDUSTRIAL | IES PUNTA CANDIEIRA. CEDEIRA-A CORUÑA |

| APELIDOS E NOME | FAMILIA | CICLO DE GRAO SUPERIOR | CENTRO EDUCATIVO |
|------------------------------|--|------------------------------------|---|
| CASTRO INSUA, SANDRA | QUÍMICA | ANÁLISE E CONTROL | IES A SARDIÑEIRA. A CORUÑA |
| GONZÁLEZ GONZÁLEZ, VANESSA | SANIDADE | LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO | IES FREI MARTÍN SARMIENTO-PONTEVEDRA |
| ANTELO AMIGO, AGUSTÍN MANUEL | SERVIZOS SOCIOCULTURALS E Á COMUNIDADE | ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL | IES A PONTEPEDRIÑA. SANTIAGO DE COMPOSTELA-A CORUÑA |

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Corrección de erros.-Resolución do 23 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, pola que se lle dá publicidade ao convenio aberto de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio e as empresas avaliadoras da conformidade para o fomento da certificación dos sistemas de xestión en Galicia.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 65, do venres 2 de abril de 2004, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 4.671, onde di: «Det Norske Veritas España», debe dicir: «*Det Norske Veritas España, S.L.*», onde di: «*Qualitas Certificación, S.A.*», debe dicir: «*D. Qualitas Certificación, S.A.*» e onde di: «*Entidad de Certificación e Aseguramiento, S.A. (ECA)*», debe dicir: «*Entidad de Certificación y Aseguramiento, S.A. (ECA)*».

-Na páxina 4.675, onde di: «...a través da aplicación informática establecida no enderezo da Internet <http://www.xunta.es/conselle/in/index.htm>.», debe dicir: «...a través da aplicación informática establecida nos enderezos da Internet <http://www.xunta.es/conselle/in/index.htm>. e <http://www.xunta.es/servicios/index.htm>».

Resolución do 13 de abril de 2004 pola que se conceden as axudas para incorporación de investigadores/tecnólogos visitantes a organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma.

Por resolución da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 11 de decembro de 2003 (DOG nº 246, do 19 decembro), abriuse o prazo de solicitudes de axudas para a incorporación de investigadores/tecnólogos visitantes a organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme as bases recollidas no anexo IX da orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 1 de abril de 2002.

Tendo en conta o Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos (DOG nº 79, do 24 de abril), e a Orde do 21 de xaneiro de 2003 (DOG nº 17, do 27 de xaneiro) sobre delegación

de competencias no secretario xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria e atendendo á proposta elaborada pola comisión de selección de investigación, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder as axudas que se relacionan no anexo I desta resolución para a incorporación dos investigadores/tecnólogos visitantes aos organismos que se indican.

Segundo.-Establecer unha lista de suplentes para efectos de posibles renuncias ou remanente de crédito, constituída polas persoas que se relacionan no anexo II por orde decrecente de prioridade. No anexo III relaciónanse, por orde descendente de prioridade, os visitantes que non foron seleccionados por superar o grupo de investigación receptor o período de 6 meses e que unicamente poderán substituír renuncias dos visitantes do dito grupo sempre que estas non superen o período máximo de 6 meses.

Terceiro.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na Orde do 1 de abril de 2002 suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Cuarto.-Os pagamentos faranse efectivos mediante libramento directo ao organismo a que se incorporará o visitante, unha vez presentada a seguinte documentación: xustificación da universidade ou organismo correspondente en que conste que se realizou a estadía, indicando o período en que aquela tivo lugar, memoria en que se resuman as actividades realizadas polo visitante e unha declaración xurada de todas as axudas solicitadas e pendentes de resolución ou concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

Quinto.-As axudas que se conceden están cofinanciadas con fondos da Unión Europea do programa operativo integrado de Galicia (FSE).

Sexto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non se estimar a interposición deste recurso, poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.